

CEIP CANOSA-RUS

**TAREFAS DO
25 AO 29 DE
MAIO**

3ºA E 3ºB DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MOITÍSIMO ÁNIMO A TOD@S!

**UNHA APERTA MOI FORTE DAS VOSAS
PROFES SUSANA, CRIS E SARA**

Proposta de actividades a realizar polo alumnado de 3ºA e 3ºB para a semana do 25 ao 29 de maio

Nenas e nenos de terceiro: Xa estamos na última semana de maio! E as medidas de confinamento fóronas relaxando un pouco... Seguro que logo nos vemos, pero aínda, temos que **SEGUIR NA CASIÑA!**

Continuamos recordándovos cousiñas...**IMPORTANTES!**

- ✓ Todos os luns entre as 9.00h e 10.00h da mañá colgaremos un novo pdf na páxina web con tarefas e indicacións semanais. Lembra de ver os pdf tamén das especialistas: inglés, educación física, música e relixión. **Fixádevos ben a que correos electrónicos debedes enviar os vosos traballiños.**
- ✓ De momento seguiremos alternando traballos que podemos facer cos libros de texto que tedes na casa e traballos con outros recursos que non sexan os libros (fichas, páxinas de internet, creación, etc...), sempre intentando que as actividades as poidades facer coa maior facilidade e autonomía posible e sen que teñades que imprimir nada. Somos conscientes de que copiar leva algo máis de tempo... Cando sexa posible, copia o número da pregunta e pon a solución, sen copiar o enunciado.
- ✓ Haberá outras actividades que podedes enviar de modo voluntario para colgar nos diferentes blogs. Se vos apetece tamén nos podedes enviar algún traballiño que teñades interese que vexamos: un debuxo, unha tarefa moi ben organizada e escrita... Por certo, tamén podedes enviar algunha foto coas vosas mascotas ou outros animais que coidades, coas vosas árbores froiteiras, coas sementes que botaches... No caso de que nos envíedes estas fotos, é conveniente que os vosos pai ou a nai, a través do Abalar, nos autorice a utilizalas para subilas aos nosos blogs escolares e vídeos que se vaian facendo.

Como me podó organizar?

- ✓ Debes intentar traballar diariamente, establecendo un horario. É recomendable que os luns, cando chegan as tarefas, organices o traballo nese horario para saber o que vas facer cada día. **É mellor que vaías facendo as tarefas pola mañá, e así quédache a tarde libre para o que queiras.** Ánimo! Sabemos que xa o estás facendo xenial!
- ✓ Fai o que poidas. Se tes algunhas dúbida podes preguntarnos a través do Abalar ou do correo electrónico de cada mestra. Cada titora e cada especialista temos un correo electrónico diferente e resolverémosvos todas as dúbidas que poidamos. Tamén podemos manter contacto telefónico cando sexa preciso.
- ✓ Se aínda así tes dificultades, non te preocupes. Xa o aprenderemos á volta. **É moi importante ir amodo e facendo o traballo ben presentado, con boa caligrafía e revisando.** Estamos observando que nisto fallades un pouquiño.
- ✓ **DEBES IR ARQUIVANDO TODO O TRABALLO QUE LEVAS FEITO. VERÉMOLO CANDO RETOMEMOS AS CLASES NO COLE.**
- ✓ Lembra: sería bo que che pregunten a táboa todos os días! Así conseguirás memorizala!
- ✓ Le moito (uns 20 minutos ao día como mínimo sería o recomendable) e xoga tamén todo o que podas coa túa familia.
- ✓ Colabora coa túa familia nas tarefas da casa que poidas facer.
- ✓ Se vives nunha casaña con horta, observa a natureza, axuda a plantar produtos hortícolas, aprende moito de plantas e dos animais... Se queres, podes comunicarnos aos nosos correos sobre algo que aprendas estes días relacionado con estes temas. Estamos desexando saber cantas cousas podedes descubrir!

IMOS XA COAS NOVAS TAREFAS

LINGUA GALEGA

1ª sesión: Igual que a semana pasada, imos a repasar un pouquiño o ditado. Vaite á páxina 133 do tema 10 e prepara o ditado do exercicio 6. Prepara o ditado léndoo varias veces, prestando moita atención ás palabras complicadas, e despois, que alguén cho dite. Por último, comproba ti mesmo se o fixeches ben e podes corrixilo en boli vermello. A ver que tal che saíu!

2ª sesión: Lectura da poesía que se xunta nas fichas (co marco 🌟). Debes lela varias veces en voz alta e con boa entoación. É unha poesía! Se queres, podes copiala no teu caderno e ilustrala.

3ª/4ª: Fichas sobre a lectura e ortografía que se xuntan (co marco 🌟): competencia lectora, o número dos substantivos e palabras con h.

Se hai algunhas palabras que que non comprendes, xa sabes, búascaas no dicionario <https://academia.gal/diccionario>. Escribe a palabra que descoñezas onde pon: INSIRE UN TERMO, dáslle á lupa e xa che aparece o significado.

Algúns dos vosos contos, poemas... están publicados en diferentes blogs, incluído ventevindo.wordpress.com.

Continuamos publicando traballiños do Certame Literario , que estiveses facendo na casa! Logo teredes un vídeo coas vosas producións.

LENGUA CASTELLANA

1ª/2ª sesión: Esta semana vamos a repasar un poquito la gramática: "El número de los sustantivos, singular y plural" Ve al tema 9, a las páginas 126 y 127. Comienza leyendo el cuadro marrón y después puedes ver el vídeo que encontrarás en el siguiente enlace. En este mismo enlace, también tienes una ficha interactiva relacionada con el tema. Vamos a disfrutar aprendiendo!

<https://losdiminutosmasgrandes.blogspot.com/2020/05/los-sustantivos-genero-y-numero.html>

Ahora ya estás preparado para hacer los ejercicios de las páginas 126 y 127, del 1 al 8. Si te queda muy bien el cartel de cine y te apetece, puedes enviárnoslo para colgarlo en el blog Os diminutos más grandes.

LOS EJERCICIOS DEL 1 AL 7 SON PARA ENTREGAR AL CORREO AL FINAL DE LA SEMANA. LA ENTREGA DEL 8 ES OPCIONAL.

3º/4º sesión: Lectura eficaz número 3. Comprensión y actividades. Debes de leer el texto dos veces y después responder a las preguntas sin volver a leerla. A ver si consigues un 10! Después haz las actividades. (Ver fichas con marco ✨)

OTRAS TAREAS:


Puedes continuar leyendo en este enlace los cuentos de los animales. La semana que viene contestarás algunas preguntas de alguno de los cuentos.

https://issuu.com/grupoanayasa/docs/bc00436801_animalesenpeligro

Ya sabes que si desconoces alguna palabra, puedes buscarla en el diccionario. Puedes utilizar el ordenador y buscarla en la página de la Real Academia Española: <https://www.rae.es/> Lo has intentado ya?

CIENCIAS SOCIAIS


Esta semana imos repasar o tema 1 de Sociais: *O lugar onde vivo*. Para iso debes ler o tema sobre todo as páxinas 8, 9, 10, 11, 12 e 13.

Despois fai as fichas de que se xuntan, que teñen actividades de repaso (co marco ).

DEBES ENVIARNOS AO CORREO CORRESPONDENTE A PÁXINA 2
QUE TEN O LOGO 

MATEMÁTICAS

Seguir repasando las tablas de multiplicar todos los días.

Hacer en la libreta las fichas (con el marco ). Recuerda que no es necesario que imprimas.

Los problemas debes de leerlos varias veces y si puedes, explícalos en voz alta. Copia los datos, después resuelve y finalmente pon la solución.

Cuando termines, revisa.


Esta semana seguimos con la novedad y vamos a hacer una actividad de gráficos de barras! Tenéis que acceder a este enlace y leer muy bien la explicación. La entrega de la tarea se hace directamente desde la ficha. ¡A jugar!

<https://losdiminutosmasgrandes.blogspot.com/2020/05/ficha-interactiva-de-matematicas.html>

PLÁSTICA

Esta semana imos a traballar un cadro dun autor moi especial e que está moi relacionado co noso proxecto "Amar o mar". Podes ver algo sobre este autor no seguinte enlace:

<https://losdiminutosmasgrandes.blogspot.com/2020/05/plastica-urbano-lugris.html>

Imos a pola tarefa! Observa con moita atención o cadro de **Lugrís** que che vai na ficha (co marco ). Fíxate ben e responde oralmente ás preguntas sobre esta pintura que tes na outra ficha. Xa verás cantos detalles ten! **Lugrís** está de moda!!

Despois fai a túa propia recreación (debuxa o teu cadro) inspirándote nesta pintura. Faino nun folio ou nunha cartolina e utiliza os materiais que ti queiras para pintar.

RESUMO DAS TAREFAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

LINGUA CASTELÁ: Exercicios das páxinas 126, 127 do 1 ao 7 e a ficha interactiva.

Opcional: Se che queda moi ben o cartel de cine do exercicio 8 e te apetece, podes envíalo para colgalo no blog: Os diminutos máis grandes.

CIENCIAS SOCIAIS: páxina 2, co logo



PLÁSTICA (OPCIONAL): debuxo da pintura de Lugrís.

RESUMO DE TAREFAS DE ESPECIALISTAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

EDUCACIÓN FÍSICA: ver as actividades indicadas para enviar no pdf de Educación Física na páxina web. Envialas ao correo de Ana: efcanosarus.2020@gmail.com

INGLÉS: ver actividades indicadas para enviar no pdf de inglés na páxina web. Envialas ao correo de Elena: elena.tareas.2020@gmail.com

LEMBRA

3ºA: para as tarefas de Lengua Castellana, Lingua Galega, Plástica e Valores Sociais e Cívicos (Cris): tarefascristerceiro@gmail.com

Para as tarefas de Matemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Música (Sara): tarefas.sara@gmail.com

3ºB: o correo de Susana é: tarefassu@gmail.com

OUTRAS COUSIÑAS

Gustaríache aprender a escribir rápidamente no teclado? Pois se queres, podes practicar mecanografía! Estes enlaces pódénche valer.

<http://juegosdemecanografia.com/juegos/rapido-con-las-letras/>

<http://www.interdidactica.es/index.php?lan=es&game=me035>

<http://juegosdemecanografia.com/juegos/cuidado-con-las-brujas/>

RECOMENDACIÓN DE LEOTECA!!! E se queredes ler outros libros na seguinte ligazón podedes acceder a moita variedade de lecturas.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2020/05/libros-na-distancia.html>

Moitísimo ánimo nenas e nenos! Xa queda menos para vernos. Botámosvos moitísimo de menos! Unha aperta moi grande de:

Susana, Sara e Cris.

#todovaisáirben

#quedanacasa

Sabes que dixo a tía Estrela?

Falaban Antía e Xoán
á sombra da laranxeira
unha tarde de verán.

–Sabes que dixo a tía Estrela?
Que ten a cidade unha praza
onde colle a vila enteira!

–Ti non cres que esaxerou?
A cidade non é xigante,
non hai praza semellante!

–E dixo que os rañaceos
lles fan cóxegas ás nubes
aló no alto do ceo!

–Debe de estar tola!
Que barbaridade...
Contouche unha boa trola!

–Pode ser que esaxerase...
Temos que ir alí un día
e pescudar a verdade.

–Os dous xuntos? Máis non se fale!



1 Arrodeia os personaxes que interveñen na conversa anterior.



Antía



A tía Estrela



Xoán

2 Marca. Onde se atopaban os rapaces se estaban á sombra da laranxeira?



Debaixo da laranxeira.



Enriba da laranxeira.

COMPETENCIA LECTORA

3 Relaciona cada palabra da lectura co seu significado.

rañaceos

Aquilo que se presenta como certo, pero é falso.

barbaridade

Investigar para chegar a saber algo.

trola

Dito sen sentido, contrario á razón.

pescudar

Edificio que alcanza unha grande altura.

4 Explica. Que cres que quere dicir a oración *Os rañaceos fanlles cóxegas ás nubes?*



5 Escribe a carón de cada afirmación se é verdadeira ou falsa.

- Unha mañá de primavera, Xoán e Antía falaron sobre a cidade. ▶
- Xoán explicoulle a Antía o que a tía Estrela lle contara sobre a cidade. ▶
- A tía Estrela dixo que nunha praza da aldea collía a cidade enteira. ▶
- Antía pensaba que o que contaba Estrela da cidade era certo. ▶
- Xoán cría que quizais a tía Estrela esaxerara ao falar da cidade. ▶

6 Responde.

- Que lle suxire Antía a Xoán ao final do texto?
- Xoán quere ir á cidade con Antía? Como o sabes?

O número dos substantivos

LEMBRA

Os substantivos teñen **número**: poden estar en singular ou en plural. Os substantivos en **singular** nomean un só ser ou obxecto; en **plural**, nomean varios seres ou obxectos.

Xeralmente, para formar o plural os substantivos engaden **-s**, se a forma de singular remata en vogal ou en **-n**, e engaden **-es** se a forma de singular remata en consoante distinta de **-n**.

Alguns substantivos teñen a mesma forma para o singular e para o plural.

- 1 **Escribe os nomes dos elementos representados en singular ou en plural, segundo corresponda.**



- 2 **Arrodea as palabras anteriores que estean en singular.**

- 3 **Forma o plural das palabras que arrodeaches e escríbeo onde corresponda, segundo o xeito en que se constrúe.**

Engadindo **-s**

Engadindo **-es**

Palabras con h

LEMBRA

Escribense con **h** os seguintes termos:

- Todas as formas do verbo *haber*.
- Moitas outras palabras, como *herba*, *herdar*, *hora*, etc.

1 Pinta as palabras que levan h.



♦ ovo



♦ amaca




♦ ipopótamo



♦ inchar



♦ arpa



♦ otel

2 Completa as oracións coas palabras que pintaches.

- Gústame deitarme na do xardín.



- Hai un na praia.

- No zoo vimos unha cría de .



3 Completa con houbo, hai e haberá.

- Onte na escola un festival de teatro.
- Mañá na festa actividades todo o día.
- Hoxe verdura fresca na praza.
- Antón esvarou e caer.

LECTURA Y COMPRENSIÓN 3

EL LOBO, LA CABRA Y LA TELE...

Una noche el macho cabrío, muy asustado, fue a ver al pastor:

-Hay que hacer algo, las cosas van de mal en peor. Esta noche, el lobo ha devorado a tres cabras y a vuestro perro -dijo temblando.

-Tenemos que reunir el rebaño y pedir a las cabras que piensen una solución durante la noche -respondió el pastor.

A la mañana siguiente, una cabrita blanca se presentó en su casa:

-Dadme dinero, un traje elegante y vuestro coche, y os quitaré al lobo de en medio.

Al verla tan decidida, el pastor le dio al instante todo lo que pedía.

Unos días más tarde, cuando el lobo regresó, la cabrita se dirigió hacia el bosque para encontrarse con él. Y le hizo frente:

-¿Acaso tenéis el estómago vacío, señor lobo?

-Mira por donde, esta noche no tendré que esforzarme demasiado. Aquí está mi comida, que viene a mi encuentro -respondió el lobo.

-Os propongo algo mucho mejor que la insípida carne de una cabrita. Confíad en mí y os daréis el mejor festín de vuestra vida.

Al lobo le gustaba jugar. Aceptó la proposición de la cabrita, que lo llevó en coche al restaurante más importante de la ciudad. ¡El lobo estaba loco de contento! Pidió lo más caro que había, y comió tantísimo que durante unos meses no se le vio merodear cerca del rebaño. Pero una noche, el lobo

regresó al valle. Aterrorizadas, las cabras se amontonaron alrededor de su pequeña compañera, rogándole que encontrara una solución.

-Dadme todos vuestros ahorros -dijo la cabra-. Necesito mucho dinero. Esta vez nos quitaremos al lobo de en medio definitivamente.

Las cabras hurgaron en sus monederos y le entregaron, no sin pesar, todo lo que habían guardado para pasar las vacaciones cerca del mar.

La cabrita se fue hacia el bosque para encontrarse de nuevo con el lobo.

Durante toda la noche, durante todo el día y la noche siguiente, durante toda una semana, las cabras esperaron. La séptima noche, cuando temían que a la cabrita le hubiera sucedido lo peor, la vieron salir del bosque haciéndoles señas para que se acercaran. Inquietas y apretadas unas contra otras siguieron a su guía por los fangosos senderos del bosque.

Sin hacer ruido, llegaron junto a un claro de donde surgió una potente luz.

-Me ha llevado mucho tiempo convencerlo, pero esta vez me parece que ya no os volverá a molestar -cuchicheaba la cabrita.

Sentado sobre un tronco, justo en medio del claro, el lobo devoraba su programa favorito frente a la pantalla del magnífico televisor en color que le acababa de regalar la cabrita blanca...

COMPRENSIÓN

Señala la respuesta correcta:

1. ¿Quién avisó al pastor de la presencia del lobo?
A su perro
B el macho cabrío
C un amigo
2. El pastor reunió al rebaño para
A decirles que no tuvieran miedo
B pedirles que tuvieran cuidado
C pedirles que buscaran una solución
3. ¿Quién se ofreció para solucionar el problema?
A el macho cabrío
B una cabrita blanca
C la cabra más vieja
4. ¿A dónde llevó al lobo?
A a un lujoso restaurante
B a un bonito bar
C a un hotel
5. ¿Para qué hizo esto?
A para jugar con el lobo
B para que el lobo los dejara en paz por un tiempo
C para reírse del lobo
6. El lobo tardó en acercarse de nuevo al rebaño
A un par de días
B unos meses
C muchos años
7. Cuando vieron otra vez al lobo, las cabras
A se juntaron alrededor de la cabrita blanca
B se pusieron a gritar muertas de miedo
C se fueron a buscar al pastor
8. ¿Qué pidió la cabra a sus compañeras?
A que le dieran todas sus joyas
B que le dieran todos sus ahorros
C que le dieran sus ropas

(Continúa en la siguiente página)

9. ¿Para qué?

- A para comprar un televisor
- B para comprar un televisor y muchos juguetes
- C para comprar un televisor y una cadena musical

10. ¿Qué hacía el lobo ante el televisor?

- A veía una película de dibujos animados
- B veía su programa preferido
- C se quedaba todo el día delante de la pantalla

ACTIVIDADES

Ejercicio 1: Relaciona las sílabas y forma las palabras.

ma	ba	ño	_____
di	bri	na	<i>mañana</i>
ca	ne	ro	_____
re	ña	ta	_____
mo	ta	lla	_____
pan	ne	das	_____

Ejercicio 2: Rodea todas las palabras del recuadro que puedes escribir con las letras de: RESTAURANTE.

restar	guante	rana	ruta
rara	tesoro	reno	tres
Teresa	sartén	rastro	norte

Ejercicio 3: Descubre este mensaje.

r s n v z n l b t
b n l q m l t b n
t d s l s c r d r s.

a = a e = e i = i o = o u = u

Escríbelo aquí:

.....
.....

MORFOSINTAXIS

Ejercicio 1: Escribe las frases poniendo en el lugar adecuado las expresiones del recuadro.

el macho cabrío fue a ver al pastor	una noche muy asustado
.....	
.....	

la cabra compró un televisor	con el dinero de sus compañeras para entretener al lobo
.....	
.....	

del magnífico televisor en color
favorito

el lobo devoraba su programa frente a la pantalla

Ejercicio 2: Ordena estas frases:


a) cabra al La compró un lobo en color televisor.

b) no a El volvió rebaño molestar lobo al

Ejercicio 3: Completa el texto con las palabras del recuadro.

cabrita, jugar, restaurante, contento, ciudad, meses, rebaño, lobo

Al le gustaba
Aceptó la proposición de la, que lo llevó en
coche al más importante de la
¡El lobo estaba loco de!. Pidió lo más caro que
había, y comió tantísimo que durante unos no se le
vio merodear cerca del



Ejercicio 4: Haz un dibujo del cuento en tu cuaderno.

#todovaasalirbien

#quédateencasa

CIENCIAS SOCIAIS (REPASO)

1 Escribe as diferenzas que existen entre unha aldea e unha cidade e pon un exemplo de cada unha delas.

ALDEAS	CIDADES
1.	1.
2.	2.
3.	3.
4.Exemplo:	4.Exemplo:

2 Sinala no debuxo os elementos visibles e invisibles que observes e escríbeos abaixo.



.....

.....

3 Identifica a que servizos municipais pertencen estes traballadores e explica que funcións realizan na localidade.



.....

.....

.....

4 En que acto de participación cidadá son elixidos o alcalde e os seus concelleiros? Cada cantos anos se celebran?

.....

.....


.....

5 Nomea catro normas que debemos cumprir cando circulamos pola vía pública como peón ou en bicicleta.

- a)
- b)
- c)
- d)

6 Observa o mapa e responde as cuestións que están debaixo:

<https://www.meteogalicia.gal/web/inicio.action>



a) De que tipo se trata?.....

.....

b) Como se representa a chuvia e o día soleado na lenda?

.....

.....

c) Segun este mapa, que tempo fará mañá Galicia?.....

.....

.....


d) A ver se sabes en que Comunidades Autónomas hai un sol radiante.

.....

7 Busca en internet meteogalicia, e escribe algo sobre a predición do tempo para dous días. Busca a provincia, e dentro da provincia, o teu concello..

Día:

.....



Dia:

.....

MATEMÁTICAS - PROBLEMAS

Ejercicio 1: Violeta compró una caja de lápices de 2€ y un bolígrafo de 4€. Pagó con un billete de 10€. ¿Cuánto le devolvieron?

Ejercicio 2: En una clase hay 9 cajas de lápices y en cada caja hay 24 lápices. ¿Cuántos lápices tenemos?

Ejercicio 3: Alberto va a repartir 78 caramelos entre sus 9 amigos. ¿Cuántos caramelos les da a cada uno? ¿Con cuántos se quedará él?

Ejercicio 4: Andrés y Juan van a subir a una montaña de 2.700 metros de altura. Cuando han subido 1.758 metros se paran a comer. ¿Cuántos metros les falta por subir?

Ejercicio 5: Inventa tu problema. Fijate en cada grupo de palabras y cálculos.

Zanahoria Tomates

$$28 + 16 = 44$$

Ejercicio 6 Inventa tu problema. Fijate en cada grupo de palabras y cálculos.

Años Doble Abuelo

$$32 \times 2 = 64$$

Ejercicio 7: Inventa tu problema. Fijate en cada grupo de palabras y cálculos.

Lápices Personas

$$20 : 2 = 10$$

Ejercicio 8: Inventa tu problema. Fijate en cada grupo de palabras y cálculos.

Días Horas Entrenamiento

$$4 \times 3 = 12$$

MATEMÁTICAS - CÁLCULO

Ejercicio 1: Escribe el signo <, > o = según corresponda:

$3.458 \text{ } 3.078$

$8.381 \text{ } 8.197$

$3.729 \text{ } 3.926$

$8.209 \text{ } 8.228$

$3.752 \text{ } 3.722$

$245 \text{ } 255$

$3.645 \text{ } 3.645$

$8.025 \text{ } 8.965$

Ejercicio 2: Adivina los números que faltan y completa cada operación:

$$\begin{array}{r} 856 \\ + \square 28 \\ \hline 88\square \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 2.356 \\ - 1.6\square 5 \\ \hline \square 681 \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \square 46 \\ \times 6 \\ \hline 5.6\square 6 \end{array}$$

Ejercicio 3: Completa el siguiente cuadro:

Doble			Triple			Cuádruple		
85	es		369	es		250	es	
1.352	es		12	es		1.564	es	
91	es		754	es		6	es	
Mitad			Tercio			Cuarto		
526	es		696	es		3.852	es	
62	es		1.236	es		20	es	
2.584	es		75	es		572	es	

CÁLCULO MENTAL

Ejercicio 1: Halla el doble de un número de dos cifras sin llevar:

$$31 \times 2 = 62$$

11×2

20×2

33×2

14×2

22×2

34×2

10×2

23×2

30×2

Ejercicio 2: Multiplica decenas y centenas por decenas

$$40 \times 30 = 1.200$$

$$200 \times 20 = 4.000$$

20×40

60×50

900×20

80×30

400×30

90×60

30×70

700×40

50×80



¿Qué te ha parecido hacer algunas actividades interactivas? Vamos a jugar una vez más, pero en esta ocasión nos vamos a centrar en las gráficas de barras, ya verás que divertido! Debéis acceder al siguiente enlace y leer muy bien las explicaciones. La entrega de la tarea se hace directamente desde la ficha.

<https://www.liveworksheets.com/ko120660ai>



CADRO: VISTAS DA CORUÑA

PINTOR: URBANO LUGRÍS

Este cadro foi pintado por un pintor coruñés chamado Urbano Lugrís. Os seus cadros están relacionados con temas marítimos e desde un punto de vista fantástico. Imaxinaba o mar cheo de sereas, buzos, barcos afundidos, áncoras...

QUE VEMOS?

Podemos ver unha paisaxe urbana da Coruña. Nela represéntase unha vista da cidade que non é real. Así a imaxina Lugrís, en 1830, moito antes de que el nacera.

OBSERVA E RESPONDE ORALMENTE:

Que cor é a que máis utiliza?

Cantas tonalidades podes contar da cor azul?

Cantas embarcacións ves neste cadro? Son todos iguais? Cantos paos ten o veleiro do fondo?

De que tonalidades están pintadas as casas, claras ou escuras?

Que cores utiliza para as nubes?

Cal é a edificación máis alta?

Onde está o sol? Que vemos del?

No primeiro plano hai una parella. Como visten? Que che parece que están facendo?

Fíxate na árbore que está xunto á parella. Que árbore cres que é?

Que construción che parece que hai na illa?

Lugrís asinaba as súas obra cunha áncora. A ver se es quen de atopala!

Despois de observares todo isto, xa podes empezar a facer a túa propia composición inspirándote no cadro que acabas de analizar.

Faino nun folio ou unha cartolina. Utiliza o material que ti queiras. A ver que tal che sae! Lugrís está de moda!!!